

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de novembro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e sete de novembro do ano de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1635).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de outubro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1636).- SELECCIÓN PARA A CONTRATACION DUN/A TÉCNICO/A SUPLENTE EN ORIENTACIÓN/INSERCIÓN. EXPTE. 4082/077.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 20.11.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar ao Servizo Público de Emprego candidatos/as para a selección dun/dunha técnico/a en orientación/inserción, ao abeiro da orde da Consellaría de Traballo de 23 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Aplicar o baremo de selección facilitado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación

2º.- O procedemento de selección estará a cargo da Comisión de Selección composta polos seguintes membros:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.
- Xefe de servizo de desenvolvemento local e emprego ou persoa en quen delegue.
- Dous/dúas técnicos/as municipais, nomeados/as pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.
- Un/ha representante da parte social do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, de acordo co estipulado no seu artigo 18

3º.- A Comisión de Selección de considerarse necesario, realizará proba ou probas (entrevista persoal, proba escrita) que estime oportuna, engadindo a puntuación obtida á acadada na aplicación do baremo.

### **3(1637).- BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2007”. EXPT. 2037/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 15.11.06, conformado polo concelleiro e polo asesor xurídico da Área de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar seguintes bases correspondentes ó concurso “Vente cos Reis Magos 2007”, e que ten por obxecto seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2007.

#### *BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2007”*

- 1. O obxecto deste concurso é seleccionar a trinta e seis nenos/as para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis 2007, que terá lugar na nosa cidade o vindeiro día 5 de xaneiro. Os nenos/as serán repartidos en grupos de doce nas tres carrozas reais.*
- 2. Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados entre o 1 de xaneiro de 1994 e*

o 31 de decembro de 1998, ambos inclusive. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.

3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller nas entidades socioculturais visitadas polo Carteiro Real ou na oficiña de Información da lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por neno/a, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis de un.
4. As inscricións depositaranse nun buzón colocado na lonxa da Casa do Concello ou no que levará ó Carteiro Real nas súas visitas. O prazo de inscrición comezará o día 11 de decembro e finalizará ás 20'00 horas do día 21 de decembro.
5. O día 22 de decembro, ás 12'00 horas, realizarase o sorteo correspondente en acto público, na Casa do Concello.
6. No sorteo, ademais dos trinta e seis nenos/as seleccionados/as, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas agraciados no sorteo deberán, trala comunicación da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, asinar a pertinente autorización e acreditar a data de nacemento do neno/a (fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor). De ser o caso, poderán asinar unha renuncia.
8. O Concello de Vigo ofreceralles ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
9. O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.

**4(1638).- ASISTENCIA Ó CONGRESO NACIONAL DE MEDIO AMBIENTE CONAMA 8, CUMBRE DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE". EXPTE. 4628/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do concelleiro delegado de Medioambiente a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. JESÚS NÚÑEZ TORRÓN LÓPEZ, titular do NIF. 36043071R, Técnico Supervisor de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a ausentarse do seu posto de traballos os días 27, 28, 29, 30 de novembro e 1 de decembro de 2006, para asistir as xornadas sobre ““Congreso Nacional de Medio Ambiente CONAMA 8, Cumbre del Desarrollo Sostenible”, a celebrar en Madrid.

Autorizar a D. JESÚS NÚÑEZ TORRÓN LÓPEZ, Supervisor técnico de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a utilizar o seu vehículo propio para o desprazamento a dito seminario.

Asemade, debido o carácter urxente pola proximidade das datas, Intervención de Fondos librase a xustificar a nome de dito funcionario a cantidade de 897,60 € necesaria para facer fronte ós gastos de desprazamento, dietas e inscrición, que a continuación desglosáanse:

A ingresar na conta habilitada nº 2080 0000 7 2 0040288493 a nome de Jesús Núñez Torrón

Desglose dos gastos

Partida orzamentaria 445.0.162.00.00 (Formación do persoal)	
Cuota 475,00 inscrición .....	475,00 €
Partida orzamentaria 445.0. 230.01.00 (dietas)	
Dietas por manutención (5 días) a 37,40 € -----	187,00 €
Partida orzamentaria 445.0.231.00.00 (gastos de locomoción)	
Utilización de vehículo propio, 1240 Km a 0,16 € -----	235,60 €
<b>TOTAL .....</b>	<b>897,60 €</b>

IMPORTE TOTAL A favor de Jesús Núñez-Torrón López, titular do NIF. 36043071R, 897,60 €

**5(1639).- ADXUDICACIÓN DO ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 1470/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 20.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Autodesguaces Vigo, S.L. por un importe de 15.000 euros o alleamento de 158 vehículos para chatarra. Expte. 1470/241.

**6(1640).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DESLINDE DA PARCELA MUNICIPAL Nº 000582. EXPTE. 17369/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 2.10.06, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e polo letrado de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**- NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. (LPAP)*

**- ANTECEDENTES:**

*Primeiro.- En data 16 de xaneiro de 2006 acordouse pola Xunta de Goberno Local a incoación do procedemento de deslinde administrativo da parcela municipal nº 000582. sita na rúa Maceiras-Teis, na súa colindancia coa propiedade de Dña. Concepción Collazo Martinez.*

*Segundo.- En data 9 de maio de 2006 levouse a cabo, pola comisión municipal designada ao efecto, as operacións de apeo da parcela municipal, coa sinalización dos lindes mediante piquetes numerados do 1 ao 5, nos seguintes puntos, sinalados e recollidos na Acta da mesma data, que para constancia do actuado foi levantada e asinada por todos os comparecentes, á que se anexou plano escala 1:250.*

*Piquete numero 1. Emprázase en dirección Sur da esquina Sudoeste da parcela nº 2 do camiño de Maceiras.*

*Piquete número 2. Sitúase á 5,76 en dirección Oeste do anterior, que a súa vez está a 6,19 da esquina Sureste do Auditorio-Centro Cívico de Teis.*

*Piquete número 3. Sitúase á 8,32 da anterior e en dirección Oeste.*

*Piquete número 4. Sitúase á 0,60 do anterior en dirección Sur e situado a 5 metros da vertical do soportal de dito auditorio.*

*Piquete número 5. Sitúase á 9 metros en dirección Sur e é límite da propiedade municipal 582, límite con Concepción Collazo Martínez e que a súa vez é límite do terreo de D. José Álvarez Rodríguez, terreo este non expropiado con motivo da apertura do vial Pedro Alvarado, parcela 12 de dito expediente.*

*Terceiro: A propiedade colindante (D<sup>a</sup> Concepción Collazo Martínez) manifestou, no acto de apeo, o seu desacordo co lindeiro norte, piquetes 1,2 e 3 do plano anexo, solicitando que se retranquee un metro. Así mesmo, en data 26 de maio de 2006, formula alegacións ao expediente de deslinde, sinalando que el día 9 de mayo de 2006, en la acción de deslinde llevada a cabo por el Ayuntamiento de Vigo, se marca un servicio de paso en mi finca que el Ayuntamiento interpreta como servicio de paso para su propiedad, solicitando la reposición de los lindes en el lugar que se hallaban, a fin de subsanar errores.*

*Cuarto.- Polo Topógrafo municipal do Servizo de Cartografía, da Xerencia de Urbanismo, en data 14.08.2006 emítese informe ratificándose no da acta de apeo de 9.5.2006.*

#### **- FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*Primeiro.- O deslinde administrativo enmárcase dentro das facultades que o ordeamento xurídico outorga ás entidades locais para a defensa dos seus bens e dereitos, poidendo estas promover e executar en vía administrativa o deslinde entre os seus bens e os dos particulares, naqueles casos nos que os seus límites aparezan imprecisos ou sobre os que existisen indicios de usurpación (artigos 4.1.d e 82.b LBRL, 44 RBEL, 280.1.b LALG e 41.1.b LPAP). Así, os artigos 56.1 RBEL, 282 LALG e 50 LPAP establecen a facultade das Corporacións Locais de promover e executar o deslinde entre os bens da súa pertenza e os dos particulares, cuxos límites aparecen.*

*O deslinde consiste en practicar as operacións técnicas de comprobación e, no seu caso, de rectificación de situacións xurídicas plenamente acreditadas. Ditas operacións terán por obxeto delimitar a finca á que se refiran, e declarar provisionalmente a posesión de feito sobre a mesma (artigo 57.1 e 2 RBEL).*

*Segundo.- Na instrucción do expediente, e de acordo co procedemento previsto no RBEL, leváronse a cabo os trámites correspondentes, téndose executadas as*

operacións de apeo, co resultado que consta na Acta de 9.5.2006 e plano a escala 1:250 da parcela, incorporado o expediente consonte o disposto no art. 64.6 do RBELL, e polo que resultaron fixados os lindeiros sur e leste da propiedade municipal nº 582 na colindancia coa propiedade de Dña. Concepción Collazo Martinez.

Terceiro.- En canto às alegacións formuladas por Dña. Concepción Collazo Martínez referente o lindeiro norte (da súa propiedade), à vista do informe do topógrafo municipal de data 14.09.2005 e as operacións de apeo realizadas, resultan rexeitábeis, tendo en conta que a súa parcela xa constaba en diversos planos e cartografía perfectamente delimitada (Plano de A.Cominges do ano 1950, Proxecto de expropiación ampliación Camño. Maceiras do 2002) e así mesmo, foi obxecto de medicións e levantamentos topográficos polos servizos municipais con anterioridade en diversas datas (anos 1995 ou no 2000), determinando a procedencia da línea de deslinde fixada no acto de apeo.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo resolutorio do procedemento de deslinde administrativo iniciado, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da LBRL.

O acordo de aprobación do deslinde administrativo terá acceso ao Rexistro da Propiedade, unha vez sexa firme, inscribíndose este na finca rexistral da propiedade deslindada, e sendo título suficiente para a inmatriculación do ben nos termos previstos no art. 206 da lei Hipotecaria. (art. 53 LPAP).

Quinto.- Unha vez adquira firmeza en vía administrativa o acordo de aprobación do deslinde, procederase a execución dos actos de amolloamento da propiedade municipal, citando a propiedade colindante para a súa intervención no mesmo. (art. 68 RBEL)

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas por Dña. Concepción Collazo Martinez ao expediente de deslinde da parcela municipal nº 000582.

2º.- Aprobar o deslinde administrativo da parcela municipal nº 000582, sita na rúa Maceiras-Teis, consonte a delimitación reflectida na Acta de apeo de 9 de maio de 2006 e no plano escala 1:250 anexo á mesma, na súa colindancia coa propiedade de Dña. Concepción Collazo Martinez.

3º.- Proceder ao amolloamento da propiedade municipal nº 000582, unha vez sexa firme o presente acordo na vía administrativa.

4º.- Instar do Rexistro da Propiedade a inscrición rexistral do deslinde administrativo aprobado.”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1641).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL QUIÑONES CORREA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 789/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 20.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*O día 7 de outubro de 2005, a compañía de seguros Zurich España, en nome e representación do seu asegurado, D. Manuel Quiñones Rodríguez, presenta reclamación patrimonial polos danos ocasionados no vehículo M-8294-UJ, o día 4 de marzo de 2005 no cruce da avenida do Aeroporto coa rúa San Cristovo.*

*A alcaldía, por decreto de 27 de febreiro de 2006, resolve declarar a caducidade do procedemento, debido á paralización do mesmo por causa imputábel ó solicitante durante o prazo legalmente establecido e proceder ó arquivo das actuacións.*

*A dita resolución foi notificada mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 59, do día 24 de marzo de 2006, sen que no prazo indicado ó efecto fose recorrida, o que produciu a caducidade da solicitude.*

*O día 14 de novembro de 2006, D. Elías Barros Estévez, avogado de Zurich España e de D. Manuel Quiñones Correa, presenta escrito no que formula “reclamación administrativa previa” de reclamación patrimonial polos mesmos feitos que se facían constar na petición sobre a que xa se declarara a caducidade.*

*Presentada esta segunda petición o 14/11/2006, isto é, cando xa transcorreu máis dun ano desde que se produciron os danos (04/03/2005), prescribiu o dereito a reclamar, tendo en conta que o artigo 142-5 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), norma que reitera o artigo 4-2 do Real Decreto 429/1993 do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Pública en materia de Responsabilidade Patrimonial.*

*Non se opón a esta prescripción a incoación do primeiro procedemento, tendo en conta que o artigo 92-3 da LRXPAC establece “... os procedementos caducados non interrumpirán o prazo de prescripción.”.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Elías Barros Estévez, en nome e representación da compañía aseguradora Zurich España e de D. Manuel Quiñones Correa, polos danos ocasionados ó vehículo matrícula M-8294-UJ o día 4 de marzo de 2005, por prescripción da acción de responsabilidade patrimonial.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1642).- RECLAMACIÓN DE D. RAMÓN FERNÁNDEZ CAMPOS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 778/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 20.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

O día 14 de outubro de 2005, a compañía de seguros Zurich España, en nome e representación do seu asegurado, D. Ramón Fernández Campos, presenta reclamación patrimonial polos danos ocasionados no vehículo PO-3582-AS, o día 2 de xuño de 2005 no calello O Viso.

A alcaldía, por decreto de 02 de xuño de 2006, resolve declarar a caducidade do procedemento, debido á paralización do mesmo por causa imputábel ó solicitante durante o prazo legalmente establecido e proceder ó arquivo das actuacións.

A dita resolución foille notificada o día 08 de xuño de 2006, sen que no prazo indicado ó efecto fose recorrida, o que produciu a caducidade da solicitude.

O día 14 de novembro de 2006, D. Elías Barros Estévez, avogado de Zurich España e de D. Ramón Fernández Campos, presenta escrito no que formula “reclamación administrativa previa” de reclamación patrimonial polos mesmos feitos que se facían constar na petición sobre a que xa se declarara a caducidade.

Presentada esta segunda petición o 14/11/2006, isto é, cando xa transcorreu máis dun ano desde que se produciron os danos (02/07/2005), prescribiu o dereito a reclamar, tendo en conta que o artigo 142-5 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC), norma que reitera o artigo 4-2 do Real Decreto 429/1993 do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Pública en materia de Responsabilidade Patrimonial.

Non se opón a esta prescripción a incoación do primeiro procedemento, tendo en conta que o artigo 92-3 da LRXPAC establece “... os procedementos caducados non interrumpirán o prazo de prescripción.”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Elías Barros Estévez, en nome e representación da compañía aseguradora Zurich España e de D. Ramón Fernández Campos, polos danos ocasionados ó vehículo matrícula PO-3582-AS o día 2 de xuño de 2005, por prescripción da acción de responsabilidade patrimonial.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1643).- RECLAMACIÓN DE D. ROGELIO ALONSO ANTÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 500/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 20.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

Don César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Rogelio Alonso Antón, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de abril de 2005, no que expón que o día 27 de outubro de 2004 o vehículo do Sr. Alonso, con matrícula PO-8347-AN, estando estacionado na rúa Aragón, confluencia coa avenida do Aeroporto, sufríu danos materiais por culpa da caída dunha árbore sobre o mesmo, danos que son valorados en 4.636,25 euros.



A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 27/10/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a árbore caída sobre o vehículo do Sr. Alonso e os danos ocasionados ó mesmo; igualmente, requiren a presenza de Bombeiros para retirar os restos da árbore e estiman como posibles causas para o desprendemento da mesma o temporal reinante na madrugada en cuestión.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 03/06/2005, no que manifestan que dos danos producidos debe responder a empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, Cespa. S.A.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 29/06/2005, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Allianz, presentado polo reclamante, por un valor de 4.359,73 euros son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 11/10/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 26/08/2005.*

*Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano se produce no marco dun servizo público ou actividade da Administración asumido por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar o perxudicado, xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa contratista.*

*Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen. O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión de 28 de decembro de 1998, acordou adxudicar a CESPA, Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A., o servizo de conservación e reposición de zonas verdes conforme ó prego de condicións técnicas e administrativas, aprobado polo acordo plenario de 3 de agosto de 1998, contrato outorgado por un prazo de 4 anos, contado*

a partir do 1 de xaneiro de 1999, e posteriormente obxecto de prórrogas sucesivas por un ano, contrato que estaba en vigor na data do accidente.

O artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño establece que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e de acordo co punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes “o adxudicatario está obrigado a responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á Administración municipal coma a terceiras persoas”, obriga que so decaería no suposto de que o dano fose producido por causas imputábeis a Administración, consonte o previsto no artigo 161.c do RD Lexislativo 2/2000.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. César A. Outerelo González en nome e representación de D. Rogelio Alonso Antón polos danos ocasionados no vehículo matrícula PO-8347-AN o 27 de outubro de 2004 por mor da caída dunha árbore sobre o mesmo que se atopaba estacionado na rúa Aragón.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a a Cespa S.A., empresa adxudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161. c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de Condicións Administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, debendo dita empresa indemnizar ó Sr. Alonso na cuantía de 4.636,25 euros máis os xuros legais de demora devengados desde a data da reclamación (11 de abril de 2005).”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1644).- RECLAMACIÓN DE D. AGUSTÍN BERNAL DÍAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 479/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 17.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*A compañía de seguros Zurich España presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de D. Agustín Bernal Díaz, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26 de xaneiro de 2005 no que expón que o día 07 de outubro de 2004, Dna. Inés Jiménez García ó circular co vehículo de propiedade do Sr. Bernal, con matrícula 9179-BNL, no aparcadoiro do supermercado Alcampo, colisionou cos restos dun sinal vertical, polo que sufriu danos materiais que cuantifica en 175,16 euros.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 06/10/2004, que manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Jiménez relátalles que produciu danos na roda do vehículo do Sr. Bernal ó*

*golpear contra os restos do sinal durante as manobras de estacionamento e que os responsábeis do supermercado alegaron que o aparcadoiro é de propiedade do Concello; así mesmo, comprobán os danos na roda do vehículo do Sr. Bernal.*

- *Informe do servizo de Mobilidade e Seguridade, con data 23/06/2005, facendo constar que existe unha mediana de bordo rixido que separa fisicamente a rúa Cambados do espazo adicado polo Centro Comercial a aparcadoiro en superficie.*
- *Informe do Inventario municipal, con data 01/07/2005, no que indican que a zona do aparcadoiro de Alcampo na rúa O Grove non consta inventariada de alta no listado de características técnicas do Inventario municipal.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 04/08/2005.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

*Segundo o informe do Inventario Municipal, a zona do aparcadoiro de Alcampo na rúa O Grove, onde tivo lugar o accidente, non figura inventariada no Inventario de Bens e Dereitos municipais, polo que non lle corresponde ó Concello de Vigo responder dos danos que se produzan na dita zona.*

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola aseguradora Zurich España en nome e representación de D. Agustín Bernal Díaz polos danos sufridos no vehículo matrícula 9179-BNL por un accidente ocorrido o 7 de outubro de 2004 no aparcadoiro do supermercado Alcampo da rúa O Grove, ó non ser o lugar do accidente de titularidade municipal”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1645).- RECLAMACIÓN DE ALLIANZ SEGUROS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 331/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 16.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*A compañía aseguradora Allianz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome do seu asegurado – Academia Abrente, S.L. - mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 07 de decembro de 2004, no que expón que o día 08 de novembro de 2004, o vehículo asegurado pola devandita compañía, matrícula PO-0048-BN, sufriu danos materiais ó pasar por encima dunha prancha de ferro que se movía e que se atopaba na calzada, na rúa Lalín.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, con data 08/11/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dos danos no vehículo e a perigosidade da prancha de ferro para a circulación de vehículos.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 09/09/2005, indicando que a focha debíase a unhas obras de renovación da rede de abastecemento que realizaba Movexvial para a concesionaria Aqualia.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 04/10/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1285 de Talleres Camelias, S.L., presentada pola reclamante, por un valor de 180,91 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 22/12/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 10/01/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á empresa Movexvial, en data 28/09/2006, que non formula alegacións.*

*Fundamentos de dereito:*

*Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos e informes que obran no expediente, a realidade do dano e a súa cuantificación económica, así como que os danos foron ocasionados ó pasar o vehículo por encima dunha prancha de ferro que, segundo o informe da Policía Local de 08/11/2004, presentaba perigosidade para a circulación de vehículos, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dunha empresa contratista, dado que o dano se produciu no marco dunha actividade da Administración asumida por un contratista, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutra para determinar cal das dúas é a responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado xa que a responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso a empresa contratista, Movex Vial, segundo resulta do informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/09/2005.

O artigo 97 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, establece que “será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade formulada pola compañía aseguradora Allianz en nome e representación da entidade Academia Abrente S.L.

2º.- Declarar que a responsabilidade dos danos pertence a MovexVial, empresa adxudicataria das obras de renovación de abastecemento de auga, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na cantidade de 180,91 euros”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(1646).- RECLAMACIÓN DE Dª ANA ISABEL PAZ FLORES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 60/243. DESESTIMADA,**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 16.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Ana Isabel Paz Flores presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de febreiro de 2004, no que expón que o día 22 de agosto de 2003, mentres camiñaba pola rúa Becacina, baixando á rúa Pega, tivo unha caída por mor do mal estado do pavimento e da existencia dun ladrillo saínte nun dos banzos, producíndose danos de carácter físico.*

*A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Informe do Inventario Municipal, de data 29/04/2004, no que indican que a rúa Becacina consta coma vial público de titularidade municipal.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 22/10/2004, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, indicando que na data de inspección este atopábase nas mesmas condicións.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 24/11/2004, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.
- Práctica de proba testifical, en data 02/02/2005, ás testemuñas indicadas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Paz e indican que esta tropezou na zona de rampa da rúa e non na escaleira.
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación viaria, de data 09/06/2006, no que indican que a zona de circulación de peóns nesta vía límitase ás escaleiras, pertencendo a “rampa” a un terreo edificábel de responsabilidade da promotora Marber que na data do informe se atopaba valada.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/06/2006.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.244,60 euros.
- Evacuáase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/10/2006, que non formula alegacións.

*Fundamentos de dereito:*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Á pregunta número 21 “Por onde circulaba dona Ana, pola escaleira ou pola zona lateral?” formulada durante a proba testifical, as dúas testemuñas propostas coinciden en afirmar que a reclamante tropezou cando circulaba pola rampa.

Segundo informe do departamento de Circulación viaria de 09/06/2006, “la zona peatonal pertenece a las escaleras, las cuales lindan con un solar que está vallado al límite de las mismas y que es responsabilidad de la promotora...”, engadindo que “según las fotos de la solicitante, ésta tropezó con un ladrillo que había en una especie de rampa, que realmente asemeja ser una cimentación de hormigón y que pertenece al solar antes aludido”. De todo isto, despréndese que a caída se produciu nun lugar que non é de titularidade municipal, polo que non cabe esixir ningunha responsabilidade á Administración municipal.

*Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Ana Isabel Paz Flores unha vez que o lugar onde se produciu o accidente (rampa lateral á rúa Becacina) non é de titularidade municipal”.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1647).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA CIMENTACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE VIGO E ZONAS COMPLEMENTARIAS DE EXPLOTACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 23.11.06, que di o seguinte:

#### INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

##### *Antecedentes:*

*Unha vez adxudicado o contrato de concesión da obra pública para a construción e explotación do Auditorio - Pazo de Congresos e a Zona complementaria de explotación comercial á entidade “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” mantiveronse continuas reunións entre representantes de dita sociedade e a Dirección Facultativa cos técnicos municipais designados para a supervisión e informe dos correspondentes proxectos técnicos para a construción do edificio co fin de establecer un cronograma con súas correspondentes fases que permitiran o seu correcto desenvolvemento conforme ós pregos de condicións reguladores do concurso e demais documentación contractual e, que o Concello poidera cumprir cos compromisos asumidos no convenio de colaboración e de financiamento suscrito coa Autoridade Portuaria e a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.*

*Así, a Xunta de Goberno Local o día 9 de outubro de 2006, aprobou o Proxecto básico da construción da denominada “zona pública” e do sólido capaz da edificación e condicionou á de a “zona complementaria” á presentación de documentación complementaria que esixían os informes técnicos dos diferentes servizos municipais, requirindo á sociedade concesionaria para que presentase o correspondente proxecto de execución da cimentación do conxunto da obra co fin de non demora-lo prazo da súa execución.*

*Con posterioridade e perante a falta de autorización para a execución das obras no subsolo das parcelas da Consellería de Cultura e Deportes por existir no contorno da actuación un xacemento arqueolóxico na rúa Marqués de Valterra catalogado no planeamento municipal vixente polo Órgano de contratación adoptouse un acordo complementario o 30 de outubro polo que permitíase a presentación dos proxectos de execución en tres fases, a saber, o de cimentación e desvío de instalacións, o da zona pública e o da zona privada establecéndose as datas aproximadas da súa presentación.*

*O 22 de novembro presentan o proxecto da primeira fase que contén a Memoria, Planos, Prego de condicións, Presupuesto, que acada a suma de 13.872.384,27 € co IVE incluído, e os anexos correspondentes á Seguridade e Saúde e ó Desvío de Instalacións, que é informado favorablemente polo Arquitecto Municipal que coordinou cos redactores do mesmo a súa elaboración pero adviríndo que ó ser redactado en base a conclusións provisionais do informe xeotécnico pode ser modificado no suposto de que perante a execución do “baleirado” do solar ditas conclusións fosen modificadas, modificacións que, de se-lo caso, poderán proxectarse nos proxectos de execución das vindeiras fases.*

*Dita advertencia non impide a aprobación do proxecto xa que, xa estaban previstos os problemas que puideran derivarse, sendo esta una das razóns da adopción do acordo de presentalo nas tres fases anteriormente expostas, xa que poderían alterarse unha vez coñecidos os resultados da execución do proxecto de intervención arqueolóxica presentado na Delegación provincial da Consellería de Cultura, a cal, por Resolución do pasado 11 de novembro de 2006, autorizou a construción do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo.*

*Polo exposto, e en consecuencia cos acordos previos adoptados polo Concello e anteriormente citados que obran no expediente, toda vez que nos atopamos na fase de execución dun Contrato de Concesión de Obra Pública con Zonas Complementarias de explotación comercial, non existe inconveniente legal algún para que en cumprimento da Cláusula 6.1 do PCAP regulador do concursos e demais concordantes, a Xunta de Goberno Local, na súa condición de Órgano de Contratación do Concello, adopte o seguinte A C O R D O:*

*Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de execución da cimentación e desviación de servizos para a construción do Auditorio - Pazo de Congresos de Vigo con Zonas Complementarias de explotación comercial conforme á documentación presentada pola sociedade concesionaria “Pazo de Congresos de Vigo, S.A.” redactada pola UTE Portela-Idom consistente en Memoria, Planos, Prego de condicións, Presuposto, que alcanza a suma de 13.872.384,27 € co IVE incluído, e os anexos correspondentes á Seguridade e Saúde e ó Desvío de instalacións.*

*Segundo.- Informar a “Pazo de Congresos de Vigo, SA” e á UTE Portela- IDOM que, de se-lo caso, as modificacións que poideran ser necesarias pola alteración das conclusións provisionais dos estudos xeotécnicos do solar ou pola execución dos traballos do proxecto de intervención arqueolóxica aprobado pola Delegada Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia deberán ser incorporadas ó proxecto que se aproba conxuntamente co proxecto de execución da Zona Complementaria de explotación comercial, no que deberán estar perfectamente especificados os diferentes usos e actividades que se desenvolvan na totalidade do conxunto arquitectónico.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1648).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANEAMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE.7661/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 22.09.06 e do 15.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 17.11.06, conformado polo concelleiro do Servizo de Cemiterios e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 187.652 euros/ano para a prestación dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais que se imputarán á partida presupuestaria 443.0.227.06.00 do vixente presuposto.



2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de 03.10.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiteiros municipais.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**15(1649).- PROXECTO DE REFORMA DO LOCAL PARA UNIDADE BÁSICA DE ACCIÓN SOCIAL DE TEIS E PREGO DE CONDICIÓNS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS. EXPTE. 17603-301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.11.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de reforma do local para unidade Básica de Acción Social de Teis redactado polo arquitecto D. Miguel Marín Irazola.

2º.- Autorizar o gasto de 180.000 euros para a execución das obras de reforma do local para unidade Básica de Acción Social de Teis que se imputaran a partida 3130.632.00.02.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras de reforma do local para unidade Básica de Acción Social de Teis na súa versión de 16.11.2006.

4º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

**16(1650).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE D. RAMIRO QUICLER ZARANDÓN. EXPTE. 100867/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta da técnica de Recursos Humanos, do 9.11.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Na Unidade de persoal, recibese con data 28 de xullo de 2006, solicitude de aboamento de complemento de produtividade por diferenza de función a favor de D. Ramiro Quicler Zarandon -funcionario deste Concello, con posto e praza de Administrativo de admon Xeral- debido a realización das tarefas do posto de Xefe negociado de ingresos, antes as baixas medicas do seu titular*

*O xefe de contabilidade, co conforme do Interventor Xeral, informa a esta Unidade de persoal o desempeño, por parte de D Ramiro Quicler Zarandon, das funcións de contabilidade da xefatura de contabilidade de ingresos.*

*No devandito informe sinálase que a situación de baixa de funcionaria que ocupa o negociado levou á Xefatura de contabilidade a encomendar verbalmente ditas funcións ao funcionario D Ramiro Quicler Zarandon, quen as ven realizando de xeito acumulado ás correspondentes o seu posto.*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta no informe da Intervención Xeral de data 28 de xullo de 2006 puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.*

*De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non puidendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.*

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de ingresos e administrativo de administración xeral son:

XEFA OFICINA	ADMINISTRATI	
CD 22	CD 18	DIF MENSUAL
504,18	390,39	113,78
CE 72	CE 56	DIF MENSUAL
638,93	432,37	206,56
	TOTAL	320,34

Según os datos obrantes na Unidade de persoal, a funcionaria D<sup>a</sup> Pilar Alonso Sanchez contabilizase un total de 107 días de baixa, dende o 13 de marzo ó 27 de xuño de 2006, dos que habiles son 73.

MARZ O	13	14	15	16	17	18	19
	20	21	22	23	24	25	26
	27	28	29	30	31		
ABRIL						1	2
	3	4	5	6	7	8	9
	10	11	12	13	14	15	16
	17	18	19	20	21	22	23
	24	25	26	27	28	29	30
MAYO	1	2	3	4	5	6	7
	8	9	10	11	12	13	14
	15	16	17	18	19	20	21
	22	23	24	25	26	27	28
	29	30	31				
JUNIO				1	2	3	4
	5	6	7	8	9	10	11
	12	13	14	15	16	17	18
	19	20	21	22	23	24	25
	26	27	28	29	30		

O importe a percibir no caso de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo e previo informe de fiscalización e consignación de créditos sería de 1121.19 €

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Réxime Interior sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto

de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“Recoñecer ao administrativo de admon xeral D. Ramiro Quicler Zarandon, un complemento de produtividade por importe de 1121.19 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto base de Administrativo de admon xeral e as establecidas para o posto de xefe de negociado de ingresos, en relación ao período comprendido entre 13 de marzo ó 27 de xuño de 2006, acordando proceder ao aboamento do mesmo.”*

*Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1651).- INCREMENTO DE CONTÍA DO FONDO SOCIAL E CONCESIÓN DE AXUDAS SOCIO-SANITARIAS. EXPTE. 16773/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do servizo de Persoal, do 16.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 8 de novembro pasado, formulouse proposta a Xunta de Goberno Local para o incremento da contía do Fondo Social, a realización da correspondente modificación orzamentaria e posterior aprobación da proposta da Comisión Xestora do Fondo Social sobre axudas socio-sanitarias correspondente o ano 2006, que foi remitida a Intervención Xeral para a súa correspondente fiscalización previa a súa inclusión na orde do día da Xunta de Goberno Local.*

*Con data 13 de novembro, a Intervención Xeral remitiu a ésta Unidade de Persoal o informe de fiscalización solicitado, polo que se informa favorablemente a Modificación Orzamentaria nº 134/06 que posibilita aprobar na súa totalidade a proposta da Comisión Xestora do Fondo Social sobre axudas socio-sanitarias correspondente o ano 2006.*

*En consecuencia, visto o informe da Intervención Xeral de data 13 de novembro de 2006 e o Decreto da Iltma. Sra. Alcaldesa de data 13 de novembro pasado, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos nº 134/06, por un total de 90.000€, reformúlase a proposta realizada a Xunta de Goberno Local en data 8 de novembro pasado, quedando redacta do seguinte xeito:*

“Primeiro.- Acordar que a contía do fondo social ordinario previsto no artigo 30 do vixente Acordo Regulador quede establecido para o presente ano 2006, na cantidade de 330.404,84€, vistas as circunstancias excepcionais recollidas na memoria presentada pola Comisión Xestora do mesmo anexa ao expediente e, o Decreto da Il.ª Sra. Alcaldesa de data 13 de novembro pasado, polo que se aproba o expediente de modificación de créditos nº 134/06, por un total de 90.000€.

Segundo.- Aproba-la proposta da Comisión Xestora do Fondo Social, sobre axudas socio-sanitarias, correspondente a convocatoria do ano 2006, que se achega, e que comeza pola funcionaria eventual D.ª María Alonso Salgueiro e remata por Yáñez Rodríguez, Julio, por un importe total de 216.074,00 € “

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no devandito informe.

#### **18(1652).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DO ANO 2006. EXPTE. 16781/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 16.11.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.11.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións que constan no expediente e que comencan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por don Francisco Rial Estevez do Instituto Municipal dos Deportes, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 118.298'76 € (CENTO DEZAOITO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de OUTUBRO de 2006.

SERVICIO	IMPORTE
CEMITERIOS	2.541'95
POLICÍA LOCAL	64.560'04
EXTINCIÓN DE INCENDIOS	41.332'61
MONTES, PARQUES E XARDINS	2.356'17
ALCALDÍA	271'23
LIMPEZA	1.257'76
CONSERXERÍA	111'22
PARQUE MÓBIL	2.660'16
PARQUE CENTRAL	1.667'25
DESINFECCION	430'20
ELECTROMECHANICOS (inclue horas de	914'14
SMD (setembro)	196'03
<b>TOTAL</b>	<b>118.298'76</b>

**19(1653).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITARIOS POR EXCESO DE HORAS ANUAIS CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2006. EXPTE. 16788/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 16.11.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.11.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de OUTUBRO-2006, e que ascenden a un total de 610'20 € (SEISCENTOS DEZ EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

**20(1654).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2006. EXPTE. 16786/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 16.11.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.11.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de OUTUBRO-2006 e que ascenden a un total 701'34 € (SETECENTOS UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**21(1655).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE DE 2006. EXPTE. 16785/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 16.11.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.11.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal de Vías e Obras que comeza por don José Luis Vázquez de Francisco e remata por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 314'82 € (TRESCENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 3º TRIMESTRE de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**22(1656).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE DE 2006. EXPTE. 16784/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 16.11.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.11.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de Desinfección, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 598'96 € (CINCOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS), correspondentes ó 3º trimestre de 2006 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**23(1657).- GASTOS LOCOMOCIÓN DIVERSOS SERVIZOS, OUTUBRO 2006. EXPTE. 16808/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 22.11.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.11.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 4.289,58 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Vías e Obras, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios e Parque Mobil con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
5110		2.760,45
2220	Vias e Obras Seguridade	752,40

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
4220		459,99
4631		44,46
3130		38,95
4430	Cemiterios	93,29
1212	Parque Móbil	240,04
		4.389,58

**24(1658).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE PRAZA NO SOLAR DO POBO GALEGO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4630/401.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da oficina de Xestión e Planeamento da Xerencia municipal de Urbanismo, do 17.11.06, que di o seguinte:

*O Concello-Pleno o 3 de xullo de 1998, aproba definitivamente unha Modificación puntual do Plan especial dos elementos a conservar, expte. 4556/411 (publicado no DOG nº 181 do 17 de decembro de 1998), pola que se altera a delimitación actual, excluindo o cuarteirón abranguido entre Príncipe, Travesía da Aurora e Doctor Cadaval, se modifica o ancho desta última que pasa de 12 a 10 m. de sección. Mantense a aliñación posterior do edificio do Pobo Galego (en situación de ruína), se incrementa a superficie do aparcadoiro previsto en subsolo que acada o límite da Unidade de actuación, con tres plantas e unha superficie total a construír de 3.075 m<sup>2</sup>. Por último se recolle a ordenación do solar definida no Estudio de detalle redactado polos arquitectos d. Enrique e d. Martín Colomé Montañés, expte. 2053/411, visado polo Colexio profesional o 14 de xullo de 1997, e aprobado inicialmente polo Concello Pleno en sesión do 28 de maio de 1992, (publicadono BOP nº 197 de 9 de outubro de 1992), polo que se considera un único sólido, cunha superficie en planta de 355,60 m<sup>2</sup>, unha edificabilidade sobre rasante de 1.780 m<sup>2</sup>, unha altura de catro plantas e fíxase unha superficie para viais de 1.380 m<sup>2</sup> e para praza 702 m<sup>2</sup>.*

*O sistema de execución previsto na Modificación puntual do PEEC para desenvolver a Unidade de actuación "Pobo Galego" é o de compensación, non obstante optouse polo de concerto con ocasión da aprobación do proxecto de equidistribución. O mesmo foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05.*

*En data 7.11.05 o Colexio oficial de arquitectos de Galicia presenta proxecto técnico de urbanización redactado por dona Guadalupe Piñera Manso e visado polo mesmo Colexio o 3.11.05.*

Consta no expediente os seguintes informes:

- *Enxeñeiro técnico agrícola da oficina de montes, parques e xardíns.*
- *Informe do servizo de electromecánicos de 2906.06. Estabrece como condicionantes os seguintes: "(...) Deberán comunicar a este Servizo o inicio das obras, o emprazamento exacto dos puntos de luz definirase conxuntamente cos técnicos municipais no replanteo previo á execución da instalación, os puntos de luz retirados por motivo das obras a realizar deberán ser substituídos por outros provisionais salvo cos técnicos municipais non o consideren necesario, os materiais empregados na instalación de*



alumeado público deberanse someter a aprobación inicial dos servizos técnicos municipais, antes de proceder á posta en servizo de dita instalación, xirarase inspección á mesma, co obxecto de comprobar cas obras realizadas se axustan ao proxecto presentado e están de acordo co Regulamento Electrotécnico para baixa tensión, na súa instrucción técnica complementaria ITC-09, co Regulamento Municipal Regulador das instalacións de alumeado público no Concello de Vigo e coa normativa de aplicación vixente (...).

- Informe conxunto dos enxeñeiros de obras públicas de 5.06.06 da oficina de planeamento e xestión e do adxunto ó director dos servizos técnicos que a seguir se transcribe: "(...) En data 7 de Novembro de 2005, a delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, presenta para a súa tramitación o proxecto de Urbanización "Plaza en el solar de el Pueblo Gallego, Vigo", e desenrola as previsións do estudio de Detalle da U.A."Pueblo Gallego"dentro do plan especial de edificios a conservar,(Exp-2053/411) aprobado definitivamente o 9 de setembro do 1999 Este proxecto foi redactado pola arquitecta Guadalupe Piñeira Manso con sucesivos visados de fechas 3 de Novembro do 2005, 3 de Maio do 2006 e de fecha 20 de Xuño do 2006, unha vez introducidos os axustes solicitados. Os efectos fiscais que corresponda, O Orzamento de Execución Material ascende a cantidade de 312.000,00 € polo que dacordo co apartado 3.8.1.2i das vixentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% a aprobación definitiva. A unidade de actuación ten unha superficie total de 1922 m<sup>2</sup>, correspondendo 681 m<sup>2</sup> a nova praza, e o resto da superficie corresponde a parte dos viais que a rodean; Doutor Cadaval, rúa Perú e Travesa Aurora, e a parcela destinada a nova edificación que servirá como a nova sede do colexio oficial de Arquitectos. Dita Praza esta composta por unha serie de planos inclinados con solución de continuidade nos que se diferencian pavimentos rixidos e nos planos máis inclinados situanse as plantacións. A urbanización dispoñe de todos os servizos urbanísticos habituais; rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumeado público, comunicacións e mobiliario urbano. Dado que os límites desta actuación son "formais" ou "administrativos", no incluíndo a sección total dos viais, o que parece lóxico e estender as obras de urbanización hacia os límites das zonas que xa han sido tratadas recentemente, polo que ese espazo interposto deberá ser urbanizado de xeito global. Polo tanto naquelas áreas que corresponden a esas rúas ( Doutor Cadaval, Peru e Lugo), as determinacións tomadas deberán ser matizadas con este segundo proxecto máis amplo. A superficie do ámbito onde se prevé a construción do aparcadoiro subterráneo non parece a suficiente para compatibilizar a creación dunha Praza pública con os accesos peonais e rodados a dicho aparcadoiro, polo tanto esta proposta non contempla esta construción, o que non invalida un futuro concurso concesional se a demanda da zona non fose atendida tanto polos actuais como polos previstos no futuro. O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns. O comezo das obras terá que ser posto en coñecemento do coordinador da área de servizos par aefectuar o seguimento das mesmas e coordinar os diversos departamentos municipais que vaian ter competencia unha vez sexan entregadas. O solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras estará obrigada a entregar a inspección municipal das obras aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades que por aquela fosen considerados necesarios, conforme o prego de prescricións técnicas. O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terrenos incluídos no ámbito do proxecto, entre os cauais atopase o Concello de Vigo (...).

A Xunta de goberno local de 31.07.06 adoptou o seguinte acordo: "(...)Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da unidade de actuación "Pobo Galego", elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro <visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06> (...).

O acordo foi publicado no Boletín oficial da provincia de 14.09.06 e no Faro de Vigo o 8.09.06.

Segundo a certificación do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo, unicamente se presentou unha alegación por parte da Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días e deberase proceder á aprobación definitiva coas modificacións que resulten pertinentes.*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de concerto. A entidade promotora asume a obriga de urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor, e se deduce, que non contradín o disposto no planeamento aprobado inicialmente e publicado o acordo como tal o 15 de febreiro de 2005. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*
4. *Analise da alegación presentada pola Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 6.10.06.- Se alega contra a obriga xeral de constituir a entidade de conservación. A Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece no artigo 110.6 a posibilidade de que o planeamento prevea que a obriga de conservación da urbanización corresponda ós propietarios dos soares ou inmobles resultantes tra-la execución da urbanización. O Plan xeral de ordenación urbana actualmente en vigor está prevista a obriga de constitución de entidades de conservación no artigo 3.2.5.b, remitíndose ó disposto nos artigos 25.3 e 68 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística. Sobre a necesidade de conservar as obras de urbanización e a obriga de constituir a entidade de conservación no Concello de Vigo, xa existen numerosos pronunciamentos xurisdiccionais que avalan a legalidade da previsión contida no artigo 3.2.5.b da normativa urbanística actualmente en vigor (Por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 9 de febreiro de 2006 ou a Sentenza do Xulgado número un do contencioso-administrativo de Vigo de 21 de xullo de 2006). Es Doctrina consolidada del Tribunal Supremo la siguiente: "(...) la conservación de las obras de urbanización y el mantenimiento de las dotaciones e instalaciones de los servicios públicos corren a cargo del urbanizador, que tendrá la obligación de conservarlos en perfecto estado hasta el momento de su cesión a la Administración, pero*

*una vez efectuada ésta, la conservación corresponde a aquella, sin que por tanto se extienda más allá del momento de la cesión -art. 67 RGU-Ahora bien, de acuerdo con el artículo 68 de la misma norma, el deber de conservación puede extenderse a época posterior cuando sí se imponga en el Plan de Ordenación o por las bases de un Programa de Actuación urbanística, o resulte expresamente de disposiciones legales, que puede tener lugar, tal como resulta de los artículos 53.2.c) y d) TRLS y 46 b) 3 y 64 c) Reglamento de planeamiento urbanístico, en el supuesto de urbanizaciones de iniciativa particular, en que con carácter incuestionable contractual, debe pactarse a cargo de quién correrá la urbanización, Ayuntamiento, promotores o futuros propietarios de las parcelas (...)" (STS 29.11.93 e STS 15.04.92). Tendo en conta o previsto no artigo 3.25.b da normativa urbanística do plan xeral en vigor, o deber de conservar alcanza ás zonas verdes excluindo expresamente as que teñan a condición de sistema xeral. Examinando o expediente existen diversos elementos vexetais previstos no proxecto de urbanización, así como unha zona axardinada (número 5, no plano 03 -visado o 3.05.06-). En atención ó previsto no artigo 3.2.5 da actual normativa en vigor, procede a esixencia da obriga de conservación dos espazos e elementos vexetais mencionados por parte dos propietarios. Non obstante, non é necesaria a constitución de entidade urbanística de conservación, dado que estamos ante un ante un único propietario.*

5. Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

*Polo tanto, propóñese a adopción do seguinte acordo:*

1. *Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de actuación "Pobo Galego", elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro (visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06). Desestimar a alegación presentada pola Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 6.10.06.*
2. *Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.*
3. *Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(1659).- EXPROPIACIÓN DE FINCAS PARA A EXECUCIÓN DE ACCESOS DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. RECURSOS DE REPOSICIÓN. EXPTE. 170/413.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 17.11.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- *En data 29/12/2003 o Pleno do Concello acordou:*

*“Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos afectados pola execución dos accesos do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Expte. nº 170/413), integrado pola documentación presentada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo en data 1 de agosto de 2003 e sometida a exposición pública por acordo do Concello-Pleno do 29 de setembro de 2003.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución aprobatoria do expediente ós interesados titulares de bens e dereitos que figuran no mesmo, conferíndolles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado; caso no que se lle dará traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ó Xurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fixa-lo prezo xusto que, en todo caso, se fará de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente, e coa advertencia de que se os interesados non formulasen oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixa no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade. Todo isto, sen prexuízo de que en calquera estado da tramitación do procedemento podan o expropiado e o beneficiario chegar ó mutuo acordo na fixación do prezo xusto.*

*Terceiro.- Advirtase, igualmente, ós expropiados que o acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados e que o pago ou depósito da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, sen prexuízo de que continue a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto”.*

2º.- *Dito Acordo notificóuselle aos interesados na forma legalmente establecida nas seguintes datas:*

- Parcela núm. 29 (D. Luis Almuiña Estévez): 03/02/2004.*
- Parcela núm. 30 (Dª Nieves Abalde Comesaña): 02/03/2004.*
- Parcela núm. 31 (D. José Fernando Alonso Correa): 26/01/2004.*
- Parcela núm. 32 (Hrds. De D. Antonio Alonso Rial): 27/01/2004.*

*Tamén se publicou no Diario Oficial de Galicia núm. 25 do 06/02/2004.*

3º.- *No 26/02/2004 D. Luis Almuiña Estévez presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo. Nel solicitou entre outros extremos un incremento do prezo xusto expropiatorio.*

*Nos días respectivos 27/02/2004 e 10/03/2004 D. José Fernando Alonso Correa, Dª Mª Paz Alonso Davila (hrdos. de D. Antonio Alonso) e Dª Mª Nieves Abalde Comesaña interpuxeron nesta Administración municipal folla de aprecio contradictoria e recurso de reposición contra o referido Acordo de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio.*

En data 25/03/2004 o arquitecto técnico municipal emitiu Informe ao respecto. No 03/05/2004 o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFB), entidade beneficiaria da expropiación, presentou un escrito sobre os devanditos recursos e follas de aprecio. Entre outros extremos sinalou que como consecuencia dun levantamento topográfico da finca núm. 30 (D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Nieves Abalde Comesaña) comprobouse que a súa superficie real acada os 143 m<sup>2</sup> en lugar dos 216 m<sup>2</sup> erróneamente consignados no proxecto expropiatorio. Por tal motivo insta a corrección da correspondente folla de aprecio, reducíndose o prezo xusto total desa finca “30”, dende os 6.112,29 € recoñecidos no proxecto aprobado ata os 4.060,11 €.

No 18/08/2004 o entón técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiu Informe xurídico.

A continuación concedéuselle un trámite de audiencia polo prazo de 10 días ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, D<sup>a</sup> Nieves Abalde Comesaña e D. José Fernando Alonso Correa. Notificado dito trámite en legal forma, os interesados non presentaron ningun escrito de alegacións no termo establecido.

4º.- En data 16/03/2004 outorgáronse as actas de pago e ocupación das fincas expropiadas, do seguinte xeito:

D<sup>a</sup> Nieves Abalde Comesaña (parcela 30) cobrou 6.112,29 €.

D. José Fernando Alonso Correa (parcela 31) cobrou 11.831 €.

Hros. de D. Antonio Alonso Rial (parcela 32) cobraron 9.369 €.

D. Luis Almuiña Estévez (parcela 29) non compareceu, a pesares de ter sido previamente convocado ao acto. Por tal motivo o CZFB consignou a cantidade de 542,17 € na Caja General de Depósitos do Ministerio de Hacienda en data 22/03/2004, con efectos equivalentes aos do pago.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Solicitude de D. Luis Almuiña Estévez.

Data de presentación: 26/02/2004.

Obxecto: Solicita un incremento do prezo xusto expropiatorio a 48 €/m<sup>2</sup> máis 300 € pola tala dun carballo. Tamén a expropiación completa da finca, e no seu defecto que se execute un acceso directo da finca á vía pública, cun ancho de 3 m. Dita solicitude pode cualificarse como “Recurso de Reposición” e “Falla de aprecio contradictoria” consonte co disposto no art. 110.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

Informes: O arquitecto técnico municipal manifestou no seu Informe do 25/03/2004 antes citado o seguinte: “(...) En canto ó valor da propiedade, non presenta unha valoración motivada que xustifique o citado valor. (artigo 29.2 da L.E.F.). O prezo de 60 € pode ser posible como di o alegante en certos solos con outras clasificacións e cualificacións pero non xustifica o citado prezo para un solo non urbanizable, snu-0. Na valoración do solo tívoise en conta que o solo non urbanizable común ou SNU-0 queda suxeito de acordo ó apartado f) da disposición transitoria primeira, á lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e coas limitacións establecidas no pxou vixente, estando sometidas a licenza municipal directa hórreos e silos para almacén de colleitas, invernadoiros, casetas e alboios para apeiros de labranza e outras construcións ó servizo da explotación agrícola ata unha superficie de 50 m<sup>2</sup>, en parcelas mínimas de 5.000 m<sup>2</sup> e suxeitos á autorización pola Comunidade Autónoma e co procedemento fixado no artigo 41º, construción e instalación de equipamentos, dotacións e servizos que deban localizarse no medio rural aire libre, non superando a altura máxima de 3 m e con recuados mínimos de 10 m en t, tales como depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos en todo o perímetro. Para estas instalacións, a parcela mínima será de 5.000 m<sup>2</sup>, a superficie máxima ocupada é do

20% da parcela. A altura máxima é de 7 m. Os recuados mínimos serán de 5 m. Calquera instalación de depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó aire libre, deberá situarse alomenos a 1.000 metros do límite do solo rústico protexido. O resto das determinacións figuran recollidas no artigo 42º da lei. En calquera caso se deberá garanti-lo acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, recollida, tratamento, depuración e eliminación de residuos e a adaptación. Neste tipo de solos quedan expresamente prohibidas as construcións destinadas a usos residenciais. É dicir estamos ante un solo non urbanizable e por tanto limitado practicamente para usos agrícolas, non dispoñendo de expectativas urbanísticas e no que para calquera actuación de edificación para uso agropecuario é necesario unha parcela mínima é de 5.000 m<sup>2</sup>. Polo que tanto o valor presentado polo alegante de 60 €, como o de 48 € para un solo coas limitacións citadas excede amplamente o valor establecido exposto no expediente. O valor que figura no expediente de expropiación parte dun valor actualizado establecido polo xurado provincial de expropiación para un solo urbanizable, e dicir para un solo que a traveso dos mecanismos da lei transformarse en solo edificable e o solo expropiado do alegante non é urbanizable. En canto ó valor do pe de arbore existente en 300 €, este valor excede amplamente o valor como maderable no mercado. (...) No caso de expropiación parcial, debería manterse o acceso actual do camiño dun ancho duns 3 metros para facilitar o acceso á parcela obxecto de informe. O técnico que subscribe ratifícase na valoración que figura nas follas de aprecio do expediente e que a xuízo do mesmo axústanse ó valores de mercado actuais para terreos non urbanizables ou agrícolas.”

O CZFV no seu escrito do 03/05/2004 opúxese á estimación desta solicitude no referente á valoración do solo, sinalando que a mesma foi xa ratificada anteriormente polo Xurado Provincial de Expropiación Forzosa. Por outra banda no referente ao acceso da parcela, na execución das obras establecerase un camiño de servizo á finca de características similares ás do preexistente.

Proposta: Desestima-lo recurso de reposición polos motivos expostos. Remitir copia da solicitude e do proxecto ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia aos efectos do disposto no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia.

## II.- Recurso de D. Fernando Alonso Correa (parcela 31).

Data de presentación: 27/02/2004.

Obxecto: Solicita un incremento do prezo xusto expropiatorio a 60 €/m<sup>2</sup> máis 150 € polo arborado existente, ata acadar un total de 37.290 € incluído premio de afección. Tamén a expropiación total da finca (621,5 m<sup>2</sup>). Informe: O arquitecto técnico municipal manifestou no seu Informe do 25/03/2004 antes citado o seguinte sobre este concreto recurso: “(...) En canto á situación dos terreos a expropiar, tívose en conta a súa situación, de feito a valoración faise como si os terreos foran urbanizables como os do Parque Tecnolóxico e no como non urbanizables que é como figuran clasificados no plan xeral. En canto a valorar a totalidade do arborado e a expropiación da totalidade da finca, na acta de pago de data 16 de marzo de 2004 xa figura a expropiación total da parcela é dicir os 418 m<sup>2</sup> da mesma, así como todos arbores maderables valorados en 76,35 €. En canto ó valor da propiedade, non presenta unha valoración motivada que xustifique o citado valor. (artigo 29.2 da L.E.F.). O prezo de 60 € pode ser posible como di o alegante en certos solos con outras clasificacións e cualificacións pero non xustifica o citado prezo para un solo non urbanizable, snu-0. Na valoración deste solo tívose en conta que o SNU-0 queda suxeito de acordo ó apartado f) da disposición transitoria primeira, á lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e coas limitacións establecidas no pxou vixente, estando sometidas a licenza municipal directa hórreos e silos para almacén de colleitas, invernadoiros, casetas e alboios para apeiros de labranza e outras construcións ó servizo da explotación agrícola ata unha superficie de 50 m<sup>2</sup>, en parcelas mínimas de 5.000 m<sup>2</sup> e suxeitos á autorización pola Comunidade Autónoma e co procedemento fixado no artigo 41º, construción e instalación de equipamentos, dotacións e servizos que deban localizarse no medio rural aire libre, non superando a altura máxima de 3 m e con recuados mínimos de 10 m en t, tales como depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó en todo o perímetro. Para estas instalacións, a parcela mínima

será de 5.000 m<sup>2</sup>, a superficie máxima ocupada é do 20% da parcela. A altura máxima é de 7 m. Os recuados mínimos serán de 5 m. Calquera instalación de depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó aire libre, deberá situarse alomenos a 1.000 metros do límite do solo rústico protexido. O resto das determinacións figuran recollidas no artigo 42º da lei. En calquera caso se deberá garanti-lo acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, recollida, tratamento, depuración e eliminación de residuos e a adaptación. Neste tipo de solos quedan expresamente prohibidas as construcións destinadas a usos residenciais. É dicir estamos ante un solo non urbanizable e por tanto limitado practicamente para usos agrícolas, non dispoñendo de expectativas urbanísticas e no que para calquera actuación de edificación para uso agropecuario é necesario unha parcela mínima é de 5.000 m<sup>2</sup>. Polo que tanto o valor presentado polo alegante de 60 €, como o de 48 € para un solo coas limitacións citadas excede amplamente o valor establecido exposto no expediente. O valor que figura no expediente de expropiación parte dun valor actualizado establecido polo xurado provincial de expropiación para un solo urbanizable, e dicir para un solo que a traveso dos mecanismos da lei transformárase en solo edificable e o solo expropiado do alegante non é urbanizable. En canto á valoración por todo o arborado existente, na acta de pago por expropiación total da parcela de data 16 de marzo de 2004 inclúense a totalidade dos pes de arbore existentes por valor de 76,35 €, sendo os restos a que se refire o alegante malezas e pes e rebrotes de acacias, pinos, etc sin valor. (...). En canto á aplicación do 5% de premio de afección, nas follas de valoración individualizadas que constan no expediente e na acta de pago de data 16 de marzo de 2004 figura aplicada a citada cantidade. O técnico que subscribe ratifícase na valoración que figura nas follas de aprecio do expediente e que a xuízo do mesmo axústanse a valores de mercado actuais para terreos non urbanizables ou agrícolas. (...).”

O CZFV no seu escrito do 03/05/2004 manifestou que como consecuencia dunha nova medición da finca expropiada, a súa superficie real acada os 574,41 m<sup>2</sup>, en lugar dos 418 m<sup>2</sup> consignados no proxecto de expropiación, opoñéndose ao resto dos pedimentos do recorrente. Tra-la corrección da superficie, a folla de aprecio desta parcela 31 será a seguinte:

<i>Expropiación Total</i>			
	<i>Unidades</i>	<i>Valor Unitario</i>	<i>Valor Total</i>
<i>Superficie</i>	574 m <sup>2</sup>	26,77 €/m <sup>2</sup>	15.367,93 €
<i>Árboles non maderables</i>	6 m <sup>2</sup>	0,00 €/m <sup>2</sup>	0,00 €
<i>Pinos</i>	9 ud.	19,09 €/m <sup>2</sup>	171,79 €
<i>Eucaliptos</i>	1 ud.	19,09 €/m <sup>2</sup>	19,09 €
		<i>Valoración ...</i>	15.558,81 €
<i>5 % del premio de afección</i>			777,94 €
		<i>Total Valoración de la Administración ...</i>	16.336,75 €

Proposta: Estima-lo recurso de reposición no único senso de rectifica-la superficie da parcela expropiada núm. “31”, fixándose en 574,41 m<sup>2</sup>. Como consecuencia o Consorcio da Zona Franca de Vigo deberá pagar ao expropiado a cantidade de 4.505,74 €, a maiores do xa abonado. Remitir copia do recurso e do proxecto ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia aos efectos do disposto no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia.

III.- Recurso de D<sup>a</sup>. María Paz Alonso Davila (parcela 32).

Data de presentación: 10/03/2004.

*Obxecto: Solicita un incremento do prezo xusto expropiatorio a 60 €/m<sup>2</sup> máis 790 € polo arborado existente, ata acadar un total de 19.150 € incluído premio de afección.*

*Informe: O acordo plenario impugnado notificóuselle á recorrente en legal forma o día 27/01/2004. O Recurso de Reposición interpúxose extemporaneamente o día 10/03/2004 concluído o prazo dun mes establecido no art. 117.1 Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC). Prazo preclusivo e improrrogable cuxo incumprimento obriga a inadmiti-lo recurso, sen maiores consideracións. Por outra banda, tampouco procede remitir ao xurado de expropiación forzosa a folla de aprecio contradictoria contida no recurso, toda vez que se presentou tamén extemporaneamente unha vez concluído o prazo de 20 días establecido para elo no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA).*

*Proposta: Inadmiti-lo devandito recurso de reposición, por extemporáneo Non remitir a folla de aprecio contradictoria do recurso ao Xurado de Expropiación Forzosa, por extemporánea.*

*IV.- Recurso de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Nieves Abalde Comesaña (parcela 30).*

*Data de presentación: 10/03/2004.*

*Obxecto: Solicita un incremento do prezo xusto expropiatorio a 60 €/m<sup>2</sup> máis 225 € polo arborado, ata acadar un total de 13.185 €.*

*Informes: O arquitecto técnico municipal manifestou no seu Informe do 25/03/2004 antes citado o seguinte: “(...) En canto á situación dos terreos a expropiar, tivose en conta a súa situación, de feito a valoración faise como si os terreos foran urbanizables como os do Parque Tecnolóxico e no como non urbanizables que é como figuran clasificados no plan xeral. En canto ó valor da propiedade, non presenta unha valoración motivada que xustifique o citado valor. (artigo 29.2 da L.E.F.). O prezo de 60 € pode ser posible como dice o alegante en certos solos con outras clasificacións e cualificacións pero non xustifica o citado prezo para un solo non urbanizable, snu-0. Na valoración deste solo tivose en conta que o SNU-0 queda suxeito de acordo ó apartado f) da disposición transitoria primeira, á lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e coas limitacións establecidas no pxou vixente, estando sometidas a licenza municipal directa hórreos e silos para almacén de colleitas, invernadoiros, casetas e alboios para apeiros de labranza e outras construcións ó servizo da explotación agrícola ata unha superficie de 50 m<sup>2</sup>, en parcelas mínimas de 5.000 m<sup>2</sup> e suxeitos á autorización pola Comunidade Autónoma e co procedemento fixado no artigo 41<sup>º</sup>, construción e instalación de equipamentos, dotacións e servizos que deban localizarse no medio rural aire libre, non superando a altura máxima de 3 m e con recuados mínimos de 10 m en t, tales como depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó odo o perímetro. Para estas instalacións, a parcela mínima será de 5.000 m<sup>2</sup>, a superficie máxima ocupada é do 20% da parcela. A altura máxima é de 7 m. Os recuados mínimos serán de 5 m. Calquera instalación de depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ó aire libre, deberá situarse alomenos a 1.000 metros do límite do solo rústico protexido. O resto das determinacións figuran recollidas no artigo 42<sup>º</sup> da lei. En calquera caso se deberá garanti-lo acceso rodado público, abastecemento de auga, evacuación e tratamento de augas residuais, subministro de enerxía eléctrica, recollida, tratamento, depuración e eliminación de residuos e a adaptación. Neste tipo de solos quedan expresamente prohibidas as construcións destinadas a usos residenciais. É dicir estamos ante un solo non urbanizable e por tanto limitado practicamente para usos agrícolas, non dispoñendo de expectativas urbanísticas e no que para calquer actuación de edificación para uso agropecuario é necesario unha parcela mínima é de 5.000 m<sup>2</sup>. Polo que tanto o valor presentado polo alegante de 60 €, como o de 48 € para un solo coas limitacións citadas excede amplamente o valor establecido exposto no expediente. O valor que figura no expediente de expropiación parte dun valor actualizado establecido polo xurado provincial de expropiación para un solo urbanizable, e dicir para un solo que a traveso dos mecanismos da lei transformábase en solo edificable e o solo expropiado do alegante non é urbanizable. En canto a valorar a totalidade do arbolado e a expropiación da totalidade da finca, na acta de pago de data 16 de marzo de 2004 figura a expropiación parcial da parcela é*



dicir 216 m2 da mesma, así como os arboles maderables afectados valorados en 38,18 €. No caso de expropiación total da finca, o valor dos arboles suporía unha cifra de 309,35 €, cifra superior á que se refire o alegante. (...). En canto á aplicación do 5% de premio de afección, nas follas de valoración individualizadas que constan no expediente e na acta de pago de data 16 de marzo de 2004 figura aplicada a citada cantidade. O técnico que subscribe ratifícase na valoración que figura nas follas de aprecio do expediente e que a xuízo do mesmo axústanse ó valores de mercado actuais para terreos non urbanizables ou agrícolas.”

O CZFV no seu escrito do 03/05/2004 opúxese á estimación desta solicitude no referente á valoración do solo, sinalando que a mesma foi xa ratificada anteriormente polo Xurado Provincial de Expropiación Forzosa. Sinalou así mesmo que como consecuencia dun levantamento topográfico desta finca núm. “30” comprobouse que a súa superficie real acada os 143 m2 en lugar dos 216 m2 erróneamente consignados no proxecto expropiatorio. Por tal motivo insta a corrección da correspondente folla de aprecio, reducíndose o prezo xusto total desa finca “30”, dende os 6.112,29 € recoñecidos no proxecto aprobado ata os 4.060,11 €. Non obstante, este último pedimento do CZFV non se pode efectuar nesta resolución dos recursos de reposición, porque provocaría un efecto de “reformatio in peius” en prexuízo da recorrente Sra. Abalde, que resultaría obrigada a devolver á entidade beneficiaria da expropiación a cantidade de 2.052,18 €. Noutro procedemento independente tramitarase de oficio a modificación do proxecto expropiatorio para subsanar dito erro de medición.

Proposta: Desestima-lo recurso de reposición polos motivos expostos. Remitir copia da solicitude e do proxecto ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia aos efectos do disposto no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia.

V.- É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 Lei 7/1985, do 2 de abril, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

*PRIMEIRO: Estimar parcialmente, inadmitir ou desestimar os recursos de reposición interpostos por D. Luis Almuiña Estévez, D. José Fernando Alonso Correa, Dª Mª Paz Alonso Davila (hrdos. de D. Antonio Alonso) e Dª Mª Nieves Abalde Comesaña contra o Acordo plenario municipal do 29/12/2003 de aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta dos bens e dereitos afectados pola execución dos accesos do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (expte. 170/413).*

*SEGUNDO: Notifíquese este Acordo aos recorrentes e ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa indicación de que contra él cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(1660).- SOLICITUDE DE D. ALVARO GARCÍA LORENZO DE RECOÑECEMENTO DE EDIFICABILIDADE. EXPTE. 9665/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 17.11.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

*En data 30/05/2005 D. Álvaro García Lorenzo, dicindo actuar “no nome e representación” da entidade mercantil “Promociones Ría de Vigo SA” presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo no que solicitou a transferencia e adjudicación dunha edificabilidade de 6.240 m2.*

*Mediante oficio do 16/10/2006, notificado o 26/10/2006 requiríuselle “a fin de que no prazo de 10 días acredite a representación na que dí actuar sobre a entidade mercantil Promociones Ría de Vigo aportando a correspondente escritura de apoderamento e copia compulsada dos estatutos da entidade”.*

*Transcorrido sobradamente o prazo concedido, o interesado non acreditou a referida representación.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

*O art. 32.3 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) dispoñe que: “Para formular solicitudes, entablar recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos no nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación”.*

*Neste caso o solicitante incumpliu dito precepto ao non xustificar a representación na que dí actuar.*

*Consonte co preceptuado no art. 32.4 LRXA-PAC requiríuselle para que subsanase o defecto, sen que o fixese no prazo concedido.*

*Resulta polo tanto obrigada a inadmisión da súa solicitude, por falla de representación.*

*É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adoución do seguinte A C O R D O:*

*PRIMEIRO: Inadmiti-la solicitude formulada por D. Álvaro García Lorenzo no nome e representación da entidade mercantil “Promociones Ría de Vigo SA” de transferencia e recoñecemento de edificabilidade, polo motivo sinalado na parte expositiva deste Acordo (expte. 9665/411).*

*SEGUNDO: Notifíqueselle este Acordo ao interesado, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo de un mes, ou recurso*

*contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**27(1661).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE CINCO XARDINEIRAS DE PÉ, ALCORQUES E DEZ BALCONEIRAS PARA RÚAS COMERCIAIS- III FASE. EXPTE. 1979/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación realizada o 24.11.06, e o informe favorable do xefe de Servizo de Turismo e Comercio da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Calfensa Proyectos, S.L. o procedemento negociado da subministración e instalación de 5 xardineiras de pé, alcorques e 10 balcaneiras para rúas comerciais-III fase, e xpte. 1979/104, por un importe de 29.712 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 30.10.2005 e a oferta presentada.

**28(1662).- SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO (TEMPORADA 2005-2006). EXPTE. 6025/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.10.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións ós club relacionados no anexo I por un importe total de 780,000 Euros. con cargo a partida 4521 4890000.

2º.- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades polas seguintes causas:

a- Por non ter dous equipos en categorías Base.

BOUZAS FÚTBOL SALA

CIF: G-36927291

c.- Por non presentar a documentación requirida:

ASOCIACIÓN GALLEGA DE ATLETAS VETERANOS

CIF: G-36689636

ASOCIACIÓN POLIDEPORTIVA PLAYA DE SAMIL

CIF: G-36918084

CLUB DE FÚTBOL LAVADORES AFICCIONADOS

CIF: G-36848943

ASOCIACIÓN DEPORTIVA DON BOSCO

CIF: G-36895035

CLUB HÍPICO LA MURALLA

CIF: G-36890838

#### ANEXO I . SUBVENCIONES ENTIDADES DEPORTIVAS POR MODALIDADE

AG.VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	ATLETISMO	1.204 €
ATHLETICS AVENTURA E.	G-36911055	ATLETISMO	408 €
C.A.CASTRELOS	G-36862050	ATLETISMO	360 €
CELTA ATLETISMO	G-36911055	ATLETISMO	30.000 €
CELTA ATLETISMO FEM.	G-36927689	ATLETISMO	30.000 €
COMESAÑA SPORTING C.	G-36645257	ATLETISMO	1.196 €
S.MIGUEL DE OIA ATLETISMO	G-36645018	ATLETISMO	1.210 €
VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	ATLETISMO	360 €
VIGO CLUB ATLETISMO	G-36911055	ATLETISMO	400 €
ADEMAR HH MARISTAS	G-36652360	BALONCESTO	1.060 €
AIREXA DE VIGO	G-36877264	BALONCESTO	3.168 €
AMFIV	G-36711380	BALONCESTO	37.780 €
BOSCO CD	G-36692317	BALONCESTO	97.970 €
OLIVICO BALONCESTO	G-36874014	BALONCESTO	600 €
RODABALLO C.BC	G-36815413	BALONCESTO	778 €
SEIS DO NADAL BC.	G-36942142	BALONCESTO	12.000 €
VIGO AREA METROPOLITANA	G-36825347	BALONCESTO	8.084 €
CARBALLAL AD	G-36686376	BALONMAN	4.300 €
GALICIA SOCIAL BM	G-36622934	BALONMAN	1.120 €
LAVADORES BM	G-36810075	BALONMAN	10.030 €
OCTAVIO BM	G-36907384	BALONMAN	107.660 €
SEIS DO NADAL BALONMAN	G-36658516	BALONMAN	5.000 €
HALCONES BEISBOL	G-36933331	BEISBOL	800 €
BOWLING CELTA	G-36385345	BOLOS	700 €
BOLOS CELTAS VALLADARES	G-36881316	BOLOS CELTAS	498 €
ASOCIACION BICI VERDE	G-36814515	CICLISMO	402 €
RIA DE VIGO CC	G-36745107	CICLISMO	1.810 €
TEIS CC	G-36754323	CICLISMO	1.840 €
TRAVIESAS CC	G-36703213	CICLISMO	360 €
VIGUES CLUB CICLISTA	G-36650885	CICLISMO	3.990 €

COLOMBOFILIA VIGUESA A.	G-36938439	COLOMBOFILIA	400 €
ASPANAEX	G-36819779	DISCAPA.	400 €
SAN RAFAEL CD	G-36814093	DISCAPA.	1.072 €
TAMIAR APAMP	G-36657450	DISCAPA.	400 €
EL OLIVO ESGRIMA	G-36869873	ESGRIMA	1.000 €
ESGRIMA C. DE VIGO	G-36888543	ESGRIMA	1.017 €
ARADELAS ESPELEO CLUB	G-36642247	ESPELEOLOXIA	862 €
CLUB ALBORADA	G-36683118	FRONTENIS	850 €
ALERTA TRAVIESAS	G-36649283	FUTBOL	5.698 €
AREOSA CD	G-36690519	FUTBOL	7.210 €
ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	FUTBOL	2.980 €
BALAIOS FC	G-36737724	FUTBOL	2.500 €
COMESAÑA UD	G-36745586	FUTBOL	1.220 €
COYA CD	G-36753911	FUTBOL	2.200 €
GRAN PEÑA FC	G-36663565	FUTBOL	4.000 €
HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	FUTBOL	7.000 €
INDEPENDIENTE	G-36710416	FUTBOL	2.998 €
LAVADORES AD C.F.	G-36770931	FUTBOL	2.200 €
MOLEDO CF	G-36734226	FUTBOL	600 €
NIETO CD	G-36687309	FUTBOL	2.200 €
RACING CASTRELOS FC	G-36710762	FUTBOL	3.000 €
RAPIDO DE BOUZAS	G-36711513	FUTBOL	13.980 €
RAPIDO DE PEREIRO CF	G-36874832	FUTBOL	1.200 €
S.DIEGO AD	G-36954923	FUTBOL	600 €
SAMPAYO CD	G-36654564	FUTBOL	1.800 €
SAN ESTEBAN CF	G-36733020	FUTBOL	1.400 €
SAN MIGUEL CF	G-36743433	FUTBOL	2.660 €
SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	FUTBOL	5.263 €
SANTA MARIÑA UD	G-36628774	FUTBOL	3.500 €
SARDOMA CF	G-36615607	FUTBOL	4.000 €
TEIS CD	G-36752640	FUTBOL	3.000 €
VALLADARES CD	G-36629657	FUTBOL	2.800 €
VALLADARES CVC	G-36863348	FUTBOL	1.500 €
PRIMAVERA A.D.	G-36661205	FUTBOL AF.	1.800 €
VETERANOS DE TEIS CF	G-36916401	FUTBOL AF.	500 €
BREGOGAN FSF	G-36911477	FUTBOL SALA	810 €
CALVARIO AAVV F.S.	G-36648293	FUTBOL SALA	400 €
CIOS VIGO	G-36795680	FUTBOL SALA	3.520 €
FONTE DO GALO AAVV	G-36655017	FUTBOL SALA	600 €
LAVADORES UD	G-36843712	FUTBOL SALA	2.270 €
MOSTEIRO CD	G-36886422	FUTBOL SALA	2.235 €
O PATIO FS	G-36895472	FUTBOL SALA	1.000 €
S.XOAN F.S. BASE CD	G-36810315	FUTBOL SALA	2.000 €
TREBOADA FS	G-36645075	FUTBOL SALA	3.285 €
VALLADARES CVC	G-36805158	FUTBOL SALA	2.300 €
VALLE INCLAN SD	G-36955250	FUTBOL SALA	500 €
VIGO FS	G-36935229	FUTBOL SALA	24.000 €
AERO CLUB DE VIGO	G-36610384	GOLF	1.200 €

HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	HALTEROFILIA	535 €
CHAPARRAL ASO.HIP.	G-36759710	HIPICA	1.104 €
HIPICA DE VIGO 1910	G-35944569	HIPICA	600 €
ATLANTICO HOCKEY C.	G-36684850	HOCKEY	5.950 €
JUNIORS HOCKEY	G-36858587	HOCKEY	5.985 €
VIGO STICK	G-36888113	HOCKEY	34.100 €
FAMU A.D.	G-36681633	JUDO	2.954 €
ZANSIN AD	G-36870160	KARATE	2.954 €
LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	LOITA	502 €
LOITA KUZUSHI	G-36696227	LOITA	1.106 €
LOITA O CASTRO	G-36707586	LOITA	1.406 €
SAN IGNACIO LUCHA	G-36708303	LOITA	1.400 €
MONTECEIBE	G-36823813	MONTAÑISMO	612 €
OSIXENO	G-36885580	MONTAÑISMO	1.000 €
PEÑA TREVINCA	G-36630192	MONTAÑISMO	496 €
RIAS BAIXAS NATACION	G-36827079	NATACION	2.200 €
TRAVIESAS NATACION	G-36823524	NATACION	1.498 €
CARPA	G-36645091	PATINAXE	3.002 €
CATRELOS PATINAXE	G-36811974	PATINAXE	2.016 €
PATINAXE VALLADARES	G-36765733	PATINAXE	992 €
VIGUES DE PELOTA CD	G-36852820	PELOTA VASCA	1.270 €
LA VIGUESA CAZA PESCA	G-36753457	PESCA	2.282 €
ALFAVIGO CLUB	G-36832442	PESCA SUB.	400 €
A TOXEIRA PETANCA	G-36849040	PETANCA	400 €
BREOGAN PETANCA	G-36802247	PETANCA	400 €
CABRAL PETANCA	G-36765055	PETANCA	400 €
ENSINO PETANCA	G-36798866	PETANCA	400 €
FLORIDA PETANCA	G-36792711	PETANCA	400 €
OS MUIÑOS PETANCA	G-36727246	PETANCA	400 €
PETANCA CELTA	G-36875417	PETANCA	400 €
SABAJANES PETANCA	G-36646271	PETANCA	400 €
TEIS PETANCA	G-36288413	PETANCA	400 €
VIGO PETANCA	G-36702413	PETANCA	400 €
CORUXO C.REMO	G-36726750	REMO	2.973 €
VIGO RUGBY CLUB	G-36680924	RUGBY	18.980 €
COLISEUM AD	G-36812436	SQUASH	1.000 €
VIGO SQUASH	G-36929511	SQUASH	1.008 €
BAHIA DE VIGO SUB.	G-36655983	SUBACUATICO	612 €
GARCIA ALEN	G-36021897	SUBACUATICO	400 €
HELIOS SCD	G-36633428	TENIS DE MESA	624 €
NITO RUIZ ARQUEROS	G-36807881	TIRO CON ARCO	792 €
SOVITO	G-36631992	TIRO OLIMPICO	400 €
TRIATLON VIGO	G-36705101	TRIATLON	1.304 €
BEADE CSR	G-36904530	VARIOS	1.296 €
CABRAL AVC	G-36904530	VARIOS	811 €
CANDEAN UVCD	G-36863348	VARIOS	3.400 €
CORUXO FC	G-36708212	VARIOS	14.980 €
CRISTO DA VICTORIA SD	G-36684124	VARIOS	1.410 €

EL OLIVO	G-36704666	VARIOS	8.510 €
FEIRA CABRAL AA VV	G-36729796	VARIOS	400 €
LICEO MARITIMO BOUZAS	G-36613081	VARIOS	1.000 €
MARCOTE CD	G-36658052	VARIOS	1.996 €
MARISTAS EL PILAR	G-36690782	VARIOS	2.340 €
MERCANTIL	G-36614097	VARIOS	2.334 €
MONTAÑEIROS CELTAS	G-36637890	VARIOS	1.716 €
NAUTICO DE VIGO	G-36612752	VARIOS	5.108 €
O PICACHO	G-36650117	VARIOS	720 €
POLICIA LOCAL VIGO CD	G-36912459	VARIOS	1.000 €
SALESIANOS BALONCESTO	G-36875391	VARIOS	3.010 €
SAN JOSE DE CLUNY	G-36755676	VARIOS	1.140 €
SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	VARIOS	2.220 €
S. MIGUEL -AD EL CASTRO	G-36657856	VARIOS	980 €
SAUDADE POLIDEPORTIVO	G-36657856	VARIOS	1.140 €
XESTAS ACD	G-36628543	VARIOS	720 €
MARITIMO CANIDO	G-36630127	VELA	792 €
VIGO VOLEIBOL	G-36658219	VOLEIBOL	70.085 €
XUVENIL TEIS	G-36713493	VOLEIBOL	29.130 €
AMESAL	G-36779346	XADREZ	400 €
LUCENA XADREZ	G-36893154	XADREZ	540 €
XADREZ AAVV FLEMING	G-36893782	XADREZ	180 €
FLIC FLAC	G-36931582	XIMNASIA A.	636 €
LAVADORES AAVV.	G-36633618	XIMNASIA RIT.	540 €
MANIOTAS	G-36684819	XIMNASIA RIT.	11.991 €
			780.000 €

**29(1663).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO PARA REALIZAR O “XVL GRAN PREMIO PEDESTRE DE NAVIDAD”. EXPTE. 6484/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta director deportivo do IMD, do 22.11.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Delegación da federación Galega de Atletismo en Vigo a organizar o vindeiro día 17 de decembro de 2006 a proba deportiva denominada “XVL Gran Premio Pedestre de Navidad”, entre as 10,30 h. e 14,00 horas.

**30(1664).- SOLICITUDE DO COMESAÑA SPORTING CLUB DE AUTORIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA “XXVIII MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS”. EXPTE. 6479/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta director deportivo do IMD, do 22.11.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Comesaña Sporting Club a organizar o vindeiro día 4 de decembro de 2006 a proba deportiva denominada "28º Memorial Belarmino Alonso de Campo a través" para atletas federados, no paseo do Lagares a altura da ponte de San Andrés entre as 10.30 h e 14.00 horas".

**31(1665).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN DUN ESTUDIO TÉCNICO-ECONÓMICO DO ESTADIO EN BALAIÓDOS E NA CIDADE DO DEPORTE. EXPTE. 6443/333.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 16.11.06, e visto o informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 17.11.06, conformado polo concelleiro da Área do Servizo de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 60.000 euros euros para a contratación da asistencia técnica para a elaboración dun estudio técnico-económico de Estadio en Balaídos e na Cidade do Deporte que se imputarán á partida presupuestaria 4521.632.00.03 do vixente presuposto.

2º- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC), suprimindo da FEC o apartado d) do punto 16 “Criterios de adxudicación”, e aprobar, así mesmo, o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica para a elaboración dun estudio técnico-económico de Estadio en Balaídos e na Cidade do Deporte.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.



**32(1666).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DO ENSEMBLE AUSONIE O DÍA 9.12.06 - FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2006. EXPTE. 9916/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 8.11.06, conformado polo xefe do Servizo de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto do *ENSEMBLE AUSONIE*, o día 9 de decembro, ás 20,30 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, dentro do programa do *Festival de Música Are-More 2006*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 29.181,17.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA  
ENSEMBLE AUSONIE*

*En Vigo, o XXXX de XXXXXXXXX de 2006*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécese capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

CLÁUSULAS

### OBXECTO DO CONTRATO

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do ENSEMBLE AUSONIE, no sucesivo O ARTISTA, o sábado 9 de decembro de 2006, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.*

*Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2006, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

### VALIDEZ

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 4 de decembro de 2006.*

### RETRIBUCION E GASTOS

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 25.156,21.- Euros máis 4.024,96.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 29.181,17.-Euros (vintenoventa mil cento oitenta e un euros con dezasete céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.*

### PERMISOS

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

### AFORO E ENTRADAS

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butcas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).*

*O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.*

### IMAXE DO ARTISTA

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.*

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

#### PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

#### PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2006 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

Ademais, este concerto concreto conta co patrocinio de AQUALIA, polo que se fará constar en todo o material gráfico e publicitario que se realice.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

#### SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuizo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

#### INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

#### SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

#### INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

#### XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera

corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

## ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

### 1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

#### 1.1. ESCENARIO.

O escenario do recinto de actuación ten unhas medidas de 12 metros de fronte por 7,5 metros de fondo; ademais conta con 122 tarimas tipo "rosco", de 2 metros por 1 metro, regulables en altura.

#### 1.2. ILUMINACIÓN.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

## 10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

### 10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

## 11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA.

*O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.*

*Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**ANEXO II  
PROGRAMA**

**1º PARTE**

*Arcangelo Corelli  
Concerto grosso fatto per Natale*

*Anónimo portugués  
Concerto para crave en Re m*

*G. Ph. Telemann  
Concerto duplo para flauta e traverso*

**2º PARTE**

*D. Scarlatti  
Sinfonía para orquestra*

*Antonio Vivaldi  
Concerto grosso*

*G.F. Handel  
Concerto op.3 nº 3*

**35(1669).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE ENSEMBLE XVIII-21 AND  
LES FLEURS DU PRUNUS O DÍA 19.12.06-FESTIVAL DE MÚSICA ARE-MORE 2006.  
EXPTE. 9917/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 8.11.06, conformado polo xefe do Servizo de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto do *ENSEMBLE XVIII-21 AND LES FLEURS DU PRUNUS*, o día 19 de decembro, ás 20,30 horas, no Teatro-Cine Fraga Caixagalicia, como clausura do *Festival de Música Are-More 2006*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 28.868.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA  
ENSEMBLE XVIII-21 MUSIQUE DES LUMIÉRES  
AND LES FLEURS DU PRUNUS*

*En Vigo, o XXXX de XXXXXXXXXX de 2006*

*Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do ENSEMBLE XVIII-21 MUSIQUE DES LUMIÉRES AND LES FLEURS DU PRUNUS, no sucesivo O ARTISTA, o martes 19 de decembro de 2006, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro-Cine Fraga-Caixagalicia. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 70 minutos.*

*Este concerto inclúese como clausura do FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2006, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.*

#### VALIDEZ

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 15 de decembro de 2006.*

#### RETRIBUCION E GASTOS

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 24.886,21.-Euros máis 3.981,79.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 28.868.-Euros (vinteito mil oitocentos sesenta e oito), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.*

*O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.*

*CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.*

#### PERMISOS

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.*

#### AFORO E ENTRADAS

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 839 butacas (630 en patio de butcas, 177 en anfiteatro e 32 en palcos). O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).*

*O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.*

#### IMAXE DO ARTISTA

*SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.*

*OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.*



*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.*

*A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.*

#### PUBLICIDADE

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.*

#### PATROCINIOS

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.*

*O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2006 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.*

*Ademais, este concerto concreto conta co patrocinio de EL CORTE INGLÉS, polo que se fará constar en todo o material gráfico e publicitario que se realice.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existe algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.*

#### SEGURIDADE DO CONCERTO

*DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.*

*DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.*

#### INSTALACIÓNS

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.*

#### SUSPENSIÓN DO CONCERTO

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.*

#### INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.*

#### XURISDICIÓN

*VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

## ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

### 1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

#### 1.1. ESCENARIO.

*O escenario do recinto de actuación ten unhas medidas de 12 metros de fronte por 7,5 metros de fondo.*

#### 1.2. ILUMINACIÓN.

*O CONCELLO subministrará o seguinte material de iluminación: 12 cuarzos 2kw, 8 recortes 2kw, 2 fresnel e mesa de iluminación.*

#### 1.3. BACKLINE.

*A AXENCIA subministrará o backline necesario para o concerto.*

#### 1.4 RECINTO E INSTALACIÓN S.

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalación s e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.*

### 2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

### 3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

*Non se precisan*

### 4. CAMERINOS.

*O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dos seguintes camerinos de uso exclusivo: 2 grandes con baño, 1 para orquestra e 2 individuais con lavamáns; todos eles estarán aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.*

### 5. CATERING.

*O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, infusións e fruta.*

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

#### 6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

#### 7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

#### 8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

##### 8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

##### 8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

##### 8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

##### 8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

#### 9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxeto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

## 10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

### 10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricte puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

## 11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

## 12. PROGRAMA.

*O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.*

*Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**ANEXO II**  
**PROGRAMA**  
**“CONCERTO BARROCO NA CIDADE PROHIBIDA”**

**PRIMEIRA PARTE**

**JOSEPH MARIE AMIOT**  
*Terceiro divertimento chinés*

**MATTEO RICCI SJ**  
*Oito cancións con instrumento occidental: nº 1 in altro lle nostre aspirazioni*

**PAOLO PAPINI**  
*Ardente desiderio dei morrer in quella santa casa. Qual Ape ao favo dá gli amati fiori.*

**MATEO RICCI SJ**  
*Oito cancións con instrumento occidental: nº 2 Il Pastore che cambia di colina, nº 4 Forza e influo della virtù*

**SEGUNDA PARTE**

**WU LI**  
*Estrofas musicais en alabanza á Santa Nai*

**TEODORICO PEDRINI CM**  
*Sonata en sol maior*

**MATEO RICCI SJ**  
*Oito cancións con instrumento occidental: nº 6 Indifferenza dei cuore*

**WU LI**  
*Demo do orgullo (declamación)*

**FRANCESCO MARTINI FLAMENGO**  
*Mentre piú coce in sú'l merigio ardente le Mouton sur la Colline (tradicional)*

**36(1670).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 2211/337.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 21.11.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 22.11.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos, polo concelleiro da Área de Cultura e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto refundido para o acondicionamento e reparación no Museo Municipal Quiñones de León redactado polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago e D. Pedro de la Puente Crespo.

2º.- Autorizar o gasto de 182.212,80 euros para a execución das obras do proxecto refundido para o acondicionamento e reparación no Museo Municipal Quiñones de León que se imputaran a partida 4513.632.01.00

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto da execución das obras do proxecto refundido para o acondicionamento e reparación no Museo Municipal Quiñones de León na súa versión de 17-11-2006.

4º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urxente.

**37(1671).- AUTORIZACIÓN A JUVESPORT S.L. PARA INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE PATINAXE SOBRE XEO NA FINCA REYMAN. EXPTE. 11900/444.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 24.11.06, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a Juvesport, S.L. a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na finca Reyman en Coia entre os días 1 de decembro de 2006 e o 14 de xaneiro de 2007.

2º.- Facilitar a subministración da auga necesaria para o funcionamento da mesma, cuxo gasto será por conta do Concello de Vigo.

3º.- A empresa Juvesport, S.L, en contraprestación, deberá comprometerse a:

- Posibilitar a utilización gratuita para os centros escolares, que o soliciten, coordinados polo Servizo de Xuventude, en horario matinal durante os días comprendidos entre o 1 e o 22 de decembro.
- Manter a pista de patinaxe aberta os venres e sábados ata as 2:00 horas da madrugada, para a súa inclusión como actividade de ocio nocturno polo Concello ao público xuvenil.
- Cumprir coas indicacións dos departamentos de Vías e Obra e Seguridade.

4º.- Constituir unha fianza por importe de 6.000 Euros co obxecto de subsanar os posibles danos que se poidan ocasionar.

**38(1672).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DE LICITACIÓN MEDIANTE CONCURSO DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DA ESTRADA DO FREIXO SÁRDOMA. EXPTE. 51002/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente expediente, visto o informe xurídico de 24.11.06, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, 15.11.06, conformado polo Asesor Xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 9 de outubro de 2006 aprobou o prego de condicións administrativas particulares, así como o inicio do expediente de selección do contratista, por procedemento aberto en forma de concurso, para executa-las obras do proxecto de “ Mellora da estrada do Freixo- Sárdoma ”.*

*Na cláusula V.2 do prego de condicións administrativas particulares contéplase como clasificación esixida a seguinte :*

*Subgrupo 3 dentro de Grupo G; Categoría e*

*Subgrupo 1 dentro do Grupo I; Categoría e*

*Subgrupo 1 dentro d GrupoE; Categoría e*

*O estado de tramitación de tramitación do expediente e o de fase de apertura de ofertas pola Mesa de Contratación*

*Con data no nº 198 do Diario Oficial de Galicia do 13 de outubro de 2006 publicouse o anuncio de contratación por concurso das obras do proxecto “ Mellora da Estrada do Freixo-Sárdoma ”*



O respecto, con data 7 de novembro de 2006, D. Eugenio Corral Álvarez, con DNI 33,844,670-D actuando en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN presenta recurso de reposición ante a Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo contra a Resolución pola que se anuncia a licitación de dita obra fundamentando o mesmo na improcedencia da categoría esixida ós contratistas, especificada na cláusula V.2 . “Requisitos dos contratistas. Clasificación e Solvencia”, do prego de condicións administrativas.

Revisada dita clasificación atopámonos con que a mesma non se axusta ó previsto no artigo 36 da LCAP ó esixirse unha clasificación superior á que dito precepto establece segundo os criterios que nel se conteñen.

A consecuencia do anterior é que se está impedindo a algúns licitadores a posibilidade de presentarse ó concurso, restríndose o principio de libre concurrencia que debe presidi-la contratación administrativa.

Por elo é preciso modifica-la clasificación orixinalmene prevista no prego para axusta-la ó previsto no artigo 36 da LCAP para que o plús de capacidade que significa a clasificación segundo o informe da Xunta Consultora de Contratación Administrativa 23/96 de 5 de xullo sea a que corresponde e non a proposta polos técnicos nos pregos de prescricións técnicas dos proxectos, debendo ser a esixida á seguinte: Subgrupo: 6 dentro do Grupo G ; Categoría : e.

A clasificación dos Grupos I e E non resulta necesario solicita-la o non acada-las distintas partes das obras encadradas nos mesmos o 20% do presuposto total das obras

Esto comporta a necesidade de publicar polo procedemento de urxencia un novo anuncio nos Diarios Oficiais correspondentes en que figure a nova clasificación que se esixe.

Por elo proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Estima-lo recurso de reposición presentado por D. Eugenio Corral Álvarez, con DNI 33.844.670-D actuando en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN contra a resolución pola que se anuncia a licitación, mediante concurso por procedemento aberto das obras do proxecto de “ Mellora da estrada do Freixo – Sárdoma ”

2º.- Modifica-la cláusula V.2 do prego de condicións administrativas particulares do concurso para contratar as obras do proxecto “ Mellora Estrada do Freixo – Sárdoma ” que pasa a ser a seguinte: Grupo: G ; Subgrupo : 6 ; Catagoría : e

3º.- Publicar un novo anuncio en que figure a nova clasificación e se amplie o prazo de presentación de proposicións en 13 días naturais contados dende o seguinte o da publicación no último dos Diarios Oficiais no que apareza u último

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**39(1673).- RECTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTA EN DISTINTOS PREGOS DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS. EXPTE. 51059/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente expediente, visto o informe xurídico de 24.11.06, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, 23.11.06, conformado polo técnico da oficina de Supervisión de Proxectos, o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local aprobou os pregos de condicións administrativas particulares para a contratación das obras dos seguintes proxectos:*

*Expte. 50016 -250 .- “ Obras de Urbanización da Praza E. Chao. Fases 1A e 1B”*

*Expte. 50.497 -250.- “ Mellora do entorno da Sociedade Cultural Helios – Bembrive ”*

*Expte. 50.500 -250.- Lote1: “ Melloras da estrada Igrexa Marcosende- Zamáns”*

*Expte. 3054 -320 .- “ Reconstrucción do Chalé Agarimo. 1ª Fase ”*

*Os expedientes licitatorios atópanse nestre intre en fase publicación dos anuncios de licitación nos Diarios Oficiais para a presentación de ofertas por parte dos licitadores .*

*Na cláusula V.2 dos correspondentes pregos de condicións administrativas particulares contéplase como clasificación esixida a seguinte :*

*Expte. 50016 -250 .- “ Obras de Urbanización da Praza E. Chao. Fases 1A e 1B”:\_ Grupo: G; Subgrupo: 3; Categoría: e // Grupo: E; Subgrupo: 1, Categoría: d*

*Expte. 50.497 -250.- “ Mellora do entorno da Sociedade Cultural Helios – Bembrive ”.-*

*Grupo: G; Subgrupo: 3; Categoría: e*

*Expte. 50.500 -250.- Lote1: “ Melloras da estrada Igrexa Marcosende- Zamáns”.-*

*Grupo: G; Subgrupo: 3; Categoría: e*

*Expte. 3054 -320 .- “ Reconstrucción do Chalé Agarimo. 1ª Fase ”.- Grupo: C; Subgrupo: 2 e 5 ; Categoría: d*

*Sin embargo revisadas ditas clasificacións propostas polos técnicos nos pregos de prescripcións técnicas atopámonos con que non se axustan ó previsto no artigo 36 da LCAP ó esixirse unha clasificación superior á que dito precepto establece segundo os criterios que nel se conteñen.*

*A consecuencia do anterior é que podería estarse impidiendo a algúns licitadores a posibilidade de presentarse ó concurso, restrínxíndose o principio de libre concurrencia que debe presidi-la contratación administrativa, o que podería dar lugar a recursos e reclamacións posteriores que retrasar a contratación que é urxente para non perder os créditos dispoñibles .*

*Por elo é preciso modifica-la clasificación orixinalmene prevista no prego para axusta-la ó previsto no artigo 36 da LCAP para que o plús de capacidade que significa a clasificación segundo o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa 23/96 de 5 de xullo sea a que corresponde en cada caso e que será a seguinte:*

*Expte. 50016 -250 .- “ Obras de Urbanización da Praza E. Chao. Fases 1A e 1B”:\_ Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: e ( a clasificación do Grupo E non resulta necesario solicita-la o non acada-las partes da obra encadradas no mesmo o 20% do presuposto total das obras.- Dentro do Grupo. G, pásase do subgrupo 3 ó 6 porque a clasificación indicada polos técnicos de “obras con firme de formigón hidráulico” non acada o 20% do presuposto total e resulta máis a xeitado clasificar as obras como “viales sin cualificación específica “ )*

*Expte. 50.497 -250.- “ Mellora do entorno da Sociedade Cultural Helios – Bembrive ”.- Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: e ( dentro do Grupo G pásase do subgrupo 3 ó 6 porque a clasificación indicada polos técnicos de “ obras con firme de formigón hidráulico “ non acada o 20% do presuposto total e resulta máis axeitado clasificar as obras no subgrupo de “ obras viales sin cualificación específica” )*

*Expte. 50.500 -250.- Lote1: “ Melloras da estrada Igrexa Marcosende- Zamáns”.- Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: d e Grupo: C; Subgrupo 1 e 2; Categoría: d ( Dentro do Grupo G pásase do subgrupo 3 ó 6 porque a clasificación indicada polos técnicos de “ obras con firme de formigón hidráulico “ non acada o 20% do presuposto total e resulta máis axeitado clasificar as obras no subgrupo de “ obras viales sin cualificación específica” ; e pásase da Categoría e á d ó considerar o presuposto das partidas de obra correspondentes a este grupo que non acada a esixida para a Categoría e. Asimesmo solicítase o Gruo C, Subgrupo1 e 2, Categoría d por contemplar o proxecto partidas de obra encadradas neste grupo “ edificacións “ cuio presuposto supera o 20% do presuposto total )*

*Expte. 3054 -320 .- “ Reconstrucción do Chalé Agarimo. 1ª Fase ”.- Grupo: C; Subgrupo: 2 ; Categoría: d e Grupo: C; Subgrupo: 5; Categoría: b ( Pásase da Categoría d á b dentro do Subgrupo 5 ó considerar só o presuposto desta partida de obra “ cantería e marmolería “ que non acada a esixida para a categoría d )*

*Esto comporta a necesidade de publicar polo procedemento de urxencia un novo anuncio nos Diarios Oficiais correspondentes advertindo da nova clasificación que se esixe en cada contrato a os interesados .*

*Por elo proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Modifica-la cláusula V.2 dos pregos de condicións administrativas particulares dos concursos para contratar as obras dos proxectosque se indican a continuación e que pasan a ser as seguintes:*

Expte. 50016 -250 .- “ Obras de Urbanización da Praza E. Chao. Fases 1A e 1B”:\_ Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: e

Expte. 50.497 -250.- “ Mellora do entorno da Sociedade Cultural Helios – Bembrive ”.-  
Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: e

Expte. 50.500 -250.- Lote1: “ Melloras da estrada Igrexa Marcosende- Zamáns”.-

Grupo: G; Subgrupo: 6; Categoría: d e Grupo: C; Subgrupo 1 e 2; Categoría: d

Expte. 3054 -250 .- “ Reconstrucción do Chalé Agarimo. 1ª Fase ”.- Grupo: C; Subgrupo: 2 ; Categoría: d e  
Grupo: C; Subgrupo: 5; Categoría: b

2º.- *Publicar anuncio en que figure a nova clasificación esixida para cada un dos contratos, concedendo ós interesados un prazo adicional para a presentación de proposicións de 13 días naturais contados dende o seguinte o da publicación do mesmo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, concretamente no último que apareza.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **40(1674).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 1080/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 15.11.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.11.06, conformado pola delegada do goberno na Área de Atención Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 135.000 euros/ano para a prestación dos servizos de atención telefónica a través do teléfono 010 que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270600 do presuposto do ano 2007 e 2008.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 06.10.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de atención telefónica a través do teléfono 010.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**41(1675).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.